

2. Para os mesmos efectos previstos no número anterior terán o carácter de máximos:

- a) os prazos de dous meses, catro meses e oito meses previstos no artigo 99.
- b) as porcentaxes do 10 e 30 e a cifra de 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros) que figuran no artigo 101.3.
- c) o prazo dun mes mencionado nos números 2 e 4 do artigo 110.
- d) as porcentaxes do número 2 do artigo 35.1 e do 4, 6, 20 e 16 que se recollen no artigo 36, números 1, 3, 4 e 5 e a porcentaxe do 20 que se repite no artigo 83.5.
- e) as contías dos artigos 121, 176 e 201.

3. As esixencias que para os contratos menores se establecen no artigo 56, terán a consideración de mínimas para eses efectos.

Disposición derradeira segunda. *Referencias ás administracións públicas e ós órganos da Administración xeral do Estado.*

1. Cando no texto da Lei se cite a Administración ou as administracións públicas, entenderase que se fai referencia a tódalas administracións, organismos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 1.

2. Así mesmo, cando se faga referencia a órganos da Administración xeral do Estado deberá entenderse feita, en todo caso, ós que correspondan das restantes administracións públicas, organismos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 1, agás as que se lles fan ós seguintes órganos:

- a) ó ministro de Facenda e á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no artigo 21,
- b) ó ministro de Facenda, no artigo 25, número 1 do artigo 33 e disposición adicional segunda,
- c) á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no número 2 e no número 4 do artigo 28; no número 1 do artigo 33, e no artigo 34.
- d) á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, nos artigos 58, 117 e 118,
- e) ó Consello de Ministros e á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no artigo 104.1, e á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no artigo 104.4, e
- f) ó Consello de Ministros, na disposición adicional primeira.

Disposición derradeira terceira. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que, en desenvolvemento desta lei, promulgue a Administración xeral do Estado poderán ter carácter de básicas cando constitúan o complemento necesario do dito carácter respecto dos artigos que o teñen atribuído conforme a disposición derradeira primeira e así se sinala na propia norma de desenvolvemento.

Disposición derradeira cuarta. *Información sobre obrigas de carácter laboral.*

Os órganos de contratación poderán sinalar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a autoridade ou autoridades das que os licitadores poidan obter informacións sobre as obrigas relativas ás disposicións sobre protección e condicións de traballo vixentes no territorio no que vaian executarse as obras ou prestarse os servizos, suposto no que lles solicitarán ós licitadores que manifesten se tiveron en conta nas súas ofertas tales obrigas.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

11534 *REAL DECRETO 686/2000, do 12 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios.* («BOE» 148, do 21-6-2000.)

A disposición derradeira primeira da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, faculta o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da lei.

Este real decreto regula os contratos tipo de produtos agroalimentarios dos que o ámbito de aplicación se estenda a máis dunha comunidade autónoma.

Nos capítulos I e II deste real decreto desenvólvense os procedementos de homologación e prórroga dos contratos tipo agroalimentarios. O carácter simplificador destes procedementos é un dos elementos que deben salientarse e que tende a facilitarlles ás organizacións representativas a súa participación nas propostas de homologación de contratos tipo.

O capítulo III regula o procedemento para a solución das controversias que se produzan na interpretación e execución dos contratos de compravenda axustados ó contrato tipo homologado, conferíndolles un destacado papel mediador ás comisións de seguimento. Só cando estas non puidesen lograr unha solución satisfactoria no prazo establecido, poderán as partes recorrer á arbitraje.

Finalmente, dedícase o capítulo IV a desenvolverlo artigo 4 da lei relativo ás comisións de seguimento, que se configuran como elemento clave dos contratos tipo e supoñen un nexa de unión coas organizacións interprofesionais agroalimentarias, habilitadas para propoñeren contratos tipo e designaren no seu seo a correspondente comisión de seguimento.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de maio de 2000,

DISP O Ñ O :

CAPÍTULO I

Homologación dos contratos tipo agroalimentarios

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver a Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, dos que o ámbito de aplicación se estenda a máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 2. *Solicitud de homologación.*

A solicitude de homologación dun contrato tipo agroalimentario, asinada polos propoñentes, dirixirase ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, e poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3. Documentación que se presentará.

1. A solicitude de homologación deberá ir acompañada da documentación seguinte:

- a) Texto íntegro do contrato tipo proposto.
- b) Memoria xustificativa expresiva do ámbito territorial de aplicación do contrato, con indicación do volume previsible de contratación e importancia económica das transaccións comerciais.
- c) Documento acreditativo do compromiso dos proponentes de constituíren a comisión de seguimento, no prazo establecido no artigo 18 deste real decreto.

2. No suposto de que se prevexa solicitar achegas económicas dos signatarios dos contratos de compra-venda axustados ó contrato tipo, presentarase ademais unha memoria complementaria co seguinte contido:

- a) Xustificación da necesidade de realizar achegas económicas.
- b) Obxectivos e finalidades que se pretenden alcanzar.
- c) Programa de actuacións previstas.
- d) Contía das achegas e procedemento de obtención, facendo constar expresamente se se solicitarán achegas diferenciadas por subcomisións.
- e) Orzamento detallado das accións.
- f) Mecanismos de control que garantan a correcta aplicación dos fondos percibidos.

Artigo 4. Prazo de presentación da solicitude.

A solicitude de homologación dun contrato tipo agroalimentario, que vaia te-la súa aplicación nunha campaña determinada, deberá presentarse cunha antelación mínima dun mes ó comezo da dita campaña.

Artigo 5. Instrucción do procedemento e proposta de resolución.

A Dirección Xeral de Alimentación analizará a viabilidade do contrato obxecto da solicitude de homologación, así como a súa transcendencia e a non perturbación do sector e elevará a correspondente proposta de resolución ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, tendo en conta os informes que, se é o caso, realizasen as comunidades autónomas.

Artigo 6. Resolución.

Correspóndelle ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación resolver sobre a homologación dos contratos tipo agroalimentarios, dos que o ámbito de aplicación se estenda a máis dunha comunidade autónoma. Na homologación farase constar expresamente o período de vixencia e a correspondente orde publicarase no «Boletín Oficial del Estado» co texto íntegro do contrato tipo.

CAPÍTULO II**Prórroga da homologación dos contratos tipo agroalimentarios****Artigo 7. Solicitude da prórroga da homologación.**

1. Homologado un contrato tipo agroalimentario, correspóndelle á comisión de seguimento solicita-la prórroga de homologación, antes de que finalice a súa vixencia e en todo caso cunha antelación mínima dun mes ó comezo da campaña en que deba producir efectos.

2. A solicitude de prórroga, dirixida ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992.

Artigo 8. Documentación que se presentará.

Xunto coa solicitude de prórroga de homologación deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Memoria que recolla un avance dos datos fundamentais da contratación efectuada ó abeiro do contrato tipo homologado do que se pretende a prórroga.
- b) Informe provisional de xestión dos ingresos percibidos, das actuacións realizadas, así como do cumprimento dos obxectivos previstos, no suposto de que se recadasen achegas económicas ó abeiro do contrato tipo homologado.
- c) Memoria complementaria, co contido descrito no punto 2 do artigo 3 deste real decreto, se a comisión de seguimento ten previsto solicitar achegas económicas.
- d) Modificacións do contrato tipo homologado do cal remata a vixencia, referidas ó período de aplicación ou a modificacións na regulamentación do sector de que se trate.

Artigo 9. Instrucción e resolución do procedemento de prórroga.

1. A Dirección Xeral de Alimentación instruirá o procedemento de prórroga de homologación, debendo elaborala proposta de resolución para a súa elevación ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, unha vez tidos en consideración os informes que, se é o caso, realizasen as comunidades autónomas.

2. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación resolverá sobre a prórroga da homologación dos contratos tipo de produtos agroalimentarios.

3. A orde ministerial pola que se prorrogue a homologación dun contrato tipo agroalimentario determinará o prazo de vixencia e publicarase no «Boletín Oficial del Estado», figurando como anexo o texto íntegro do contrato tipo.

CAPÍTULO III**Solución das controversias****Artigo 10. Sometemento das controversias ás comisións de seguimento.**

1. As diferencias e conflitos que poidan formularse na interpretación e cumprimento dos contratos de compra-venda axustados ó contrato tipo homologado serán sometidos polas partes á comisión de seguimento para a súa solución.

2. O prazo de notificación dos conflitos á comisión de seguimento será o que se estableza no texto do contrato tipo agroalimentario. En caso de non fixarse ningún no dito contrato tipo o prazo máximo será de setenta e dúas horas contadas desde que se produza o conflito.

Artigo 11. Deber de colaboración coas comisións de seguimento.

As partes suscribentes dos contratos deberanlles facilitar á comisión de seguimento a información e documentación necesarias para a resolución da controversia suscitada, comprometéndose a aboar, se é o caso, os gastos orixinados pola dita intervención.

Artigo 12. Gastos das actuacións das comisións de seguimento.

1. Correspóndelles ós signatarios dos contratos satisfacer os gastos orixinados na solución das discrepancias, en porción á contía causada por cada un deles, salvo notoria mala fe dunha das partes, apreciada pola comisión de seguimento; nese caso deberá paga-la totalidade do custo das actuacións practicadas.

2. Cando as comisións de seguimento reciban achegas económicas e estea previsto expresamente no seu orzamento de gastos, poderán asumirlo custo das súas actuacións, sen repercutilo nas partes intervinientes no conflito.

Artigo 13. *Abstención dos membros das comisións de seguimento.*

1. Non poderán intervir na solución das diferencias suscitadas aqueles membros das comisións de seguimento que teñan coas partes ou coa controversia que se lles somete algunha das relacións que establecen a posibilidade de abstención e recusación dun xuíz.

2. Os membros das comisións de seguimento poderán ser recusados polas partes polas mesmas causas que os xuíces.

3. Cando se dean algunhas das circunstancias do punto 1 anterior, ou un membro da comisión de seguimento acepte a recusación, procederase a designar un substituto na mesma forma en que se nomease o titular substituído.

Artigo 14. *Prazo da proposta de solución.*

No prazo máximo dun mes, prorrogable por igual período, a partir da notificación do conflito por algunha das partes, a comisión de seguimento deberá propor unha solución que se someterá á consideración destas para a súa aceptación.

Artigo 15. *Arbitraje.*

1. No caso de a comisión de seguimento non lograr unha solución ó conflito no prazo sinalado no artigo anterior, ou no de discrepancia coa solución proposta, as partes poderán recorrer á arbitraje.

2. O procedemento arbitral será o establecido na Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje.

CAPÍTULO IV

Comisións de seguimento

Artigo 16. *Concepto.*

As comisións de seguimento dos contratos tipo de produtos agroalimentarios son entidades con personalidade xurídica propia e independente da dos seus membros, natureza privada e carácter representativo, e carecen de ánimo de lucro.

Artigo 17. *Composición.*

1. As comisións de seguimento compóranse do número de vocais que libremente decidan os proponentes dos contratos tipo. O número de vocais representativos e de votos da parte vendedora será o mesmo que o de vocais representativos e votos da parte compradora.

2. Unha vez constituída a comisión de seguimento, de conformidade co disposto no artigo seguinte, poderá admitir no seu seo vocais representativos das partes signatarias do contrato que non propuxesen a súa homologación, sempre que se respecte a paridade entre representantes e votos das partes vendedora e compradora.

Artigo 18. *Constitución.*

1. No prazo máximo dun mes, a partir do día seguinte á publicación no «Boletín Oficial del Estado» do contrato tipo agroalimentario homologado, deberá constituirse formalmente a comisión de seguimento correspondente.

2. Unha vez constituída a comisión de seguimento, remitírase copia da acta de constitución, no prazo máxi-

mo de quince días contados a partir da data de constitución, á Dirección Xeral de Alimentación, que procederá á súa inscrición no Rexistro de Comisións de Seguimento.

Artigo 19. *Control das actividades das comisións de seguimento.*

1. As comisións de seguimento remitirán á Dirección Xeral de Alimentación, no prazo máximo dun mes desde a finalización da correspondente campaña, os seguintes datos:

- a) Número de contratos de compravenda asinados ó abeiro do contrato tipo homologado.
- b) Cantidade de produto e importe da contratación efectuada.
- c) Memoria de actuacións, avaliación do cumprimento de obxectivos, grao de conflictividade na execución dos contratos e análise global sobre a importancia do contrato tipo agroalimentario no sector.

2. Para o cumprimento da obriga establecida no punto anterior, os contratos de compravenda axustados ó contrato tipo homologado asinaranse, polo menos por triplicado, quedando un exemplar en poder do vendedor, outro en poder do comprador e remitíndolle este o terceiro á comisión de seguimento, onde quedará depositado.

3. As comisións de seguimento que soliciten achegas económicas remitirán á Dirección Xeral de Alimentación, no prazo máximo dun mes desde a aprobación das contas do exercicio, os documentos seguintes:

- a) Contas anuais e informe de xestión do exercicio ou campaña correspondente.
- b) Resultados da auditoría de contas anuais.

Artigo 20. *Subcomisións.*

1. As comisións de seguimento poderán establecer subcomisións de seguimento en ámbitos territoriais concretos, para un único contrato tipo agroalimentario, cando as circunstancias do mercado o fagan conveniente.

2. A composición das subcomisións respectará a paridade entre os representantes das partes vendedora e compradora.

3. As subcomisións non precisarán de personalidade xurídica propia, nin poderán solicitar achegas económicas distintas das acordadas pola comisión de seguimento correspondente.

4. As subcomisións realizarán aquelas funcións que expresamente lles sexan atribuídas pola comisión de seguimento da que emanan.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, dicte cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e en particular para establecer liñas de axudas e subvencións públicas para o fomento dos contratos tipo de produtos agroalimentarios.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de maio de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE